

ESPECIFICACIONES

A renda neta per cápita familiar obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2021

1. Sumarase a base imponible xeral (casiña 435) coa base imponible do aforro (casiña 460)
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación (casiña 595)

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

$$\text{casiña 435} + \text{casiña 460} - \text{casiña 595}$$

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.

Se solicitado o borrador á AEAT(**FACENDA**) esta unicamente comunica os datos fiscais, e polo tanto non o remite, para determinar a renda dos membros computables que obteñan ingresos propios seguirase o procedemento descrito no punto primeiro e do resultado obtido restaranse os gastos deducibles e as retencións ou pagamentos á conta efectuados.

Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.
- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte, para o outro integrante da unidade familiar, dos datos do borrador do IRPF agás os datos que figuren na casiña 595 correspondente á cota resultante da autoliquidación, dado que o contribuínte non presentou a Declaración polo IRPF. No caso de que un dos membros en vez de borrador dispoña dun certificado de imputación de rendas, para realizar o cálculo dos seus ingresos deberá sumar os rendementos íntegros e restar os gastos deducibles e as retencións ou pagamentos a conta efectuados.
- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan obriga de presentar declaración ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación no IRPF. Neste supostos, os interesados deberán consignar os datos do borrador do IRPF ou no seu caso os datos que figuren no certificado de imputación de rendas do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior.